



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA, E HIDROCARBUROS
EXPEDIENTE: 2021/X999/000414

Trámite previo. - Consulta pública

Memoria e publicación na web.

De conformidade co establecido no artigo 133 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común, con carácter previo á elaboración do proxecto de ordenanza, substanciarase unha consulta pública, mediante o portal web da Administración competente, de conformidade co artigo 133 referido.

No presente caso, non se trata dunha aprobación dunha ordenanza fiscal, senón dunha modificación para a súa adaptación á máis recente xurisprudencia do Tribunal Supremo polo que se seguirán os específicos trámites que impón a Lei de Facendas Locais.

A Lei de Facendas Locais (Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) e dentro da capacidade tributaria dos Concellos, fundada na Autonomía Constitucional que lles outorga o art. 140 da CE establece a posibilidade dos Concellos, de forma xenérica, de establecer taxas á ocupación do dominio público local (artigo 20 e seguintes do TRLHL.)

No presente caso, e en virtude da potestade regulamentaria das Entidades locais, preténdese modificar o actual corpo normativo que regula o establecemento dunha taxa polo APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA, E HIDROCARBUROS neste termo municipal.

1. Xustificación da modificación de Ordenanza:

O acordo de modificación de regulación desta taxa adoptarase á vista dun informe técnico - económico no que se porá de manifesto o valor de mercado, o método de cálculo do que, así como parámetros previstos no mesmo, foi convalidado polo Tribunal Supremo mediante múltiples sentenzas citándose, ao efecto, a n.º 2708/2016 [Recurso de Casación 1117/2016]; n.º 2726/2016 [Recurso de Casación 436/2016]; n.º 49/2017 [Recurso de Casación 1473/2016], n.º 489/2017 [Recurso de Casación 1238/2016], n.º 292/2019 [Recurso de Casación núm. 1086/2017], n.º 308/19 [Recurso de Casación 1193/2017], n.º 1649/2020 [Recurso de Casación 3508/2019], n.º 1659/2020 [Recurso de Casación 3099/2019], n.º 1783/2020 [Recurso de Casación 3939/2019] e n.º 275/2021 [Recurso de Casación 1986/2019].

Posteriormente á aprobación, por parte deste Concello, da devandita Ordenanza fiscal, a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo pronunciouse sobre a necesidade de ter en conta, á hora de fixar o tipo de gravame, a intensidade de uso do dominio público [Sentenza núm. 1659/2020; Sentenza núm. 1707/2020; Sentenza núm. 1681/2020; Sentenza núm. 1702/2020; Sentenza núm. 1682/2020; Sentenza núm. 1738/2020; Sentenza núm. 1759/2020 e Sentenza núm. 1783/2020].

É por iso que, en aras á adaptación á última e máis recente xurisprudencia do Tribunal Supremo, prevese modificar a actual Ordenanza reguladora da Taxa polo aproveitamento especial do dominio público local de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos.

2. Posta en marcha da taxa:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

De acordo coa lexislación en vigor, a esixencia de taxas a empresas que aproveiten o dominio público local en beneficio propio, requiren da aprobación dunha ordenanza fiscal polo Concello, xunto cun informe técnico- económico que prevé o artigo 25 da citada norma. Conforme se indicou anteriormente, este Concello xa conta coa Ordenanza aprobada. No entanto, por todo o exposto, procédese agora a modificar a mesma. Modificación realizada á vista dun novo Informe técnico económico.

3. Obxectivo: Adecuar a Ordenanza Fiscal e con ela as tarifas, á última e máis recente Xurisprudencia do Tribunal Supremo.

4. Suxeito pasivo e obrigado tributario: De acordo coa legalidade vixente, resultan ser as empresas que realizan un aproveitamento especial do dominio público local con instalacións de transporte de enerxía, auga, gas, hidrocarburos. As tarifas indicaranse na ordenanza modificada que aprobará o Pleno, de conformidade co establecido nos trámites regulamentarios previstos nos artigos 15 e seguintes do Texto refundido da lei de facendas locais.

Faise público no portal web de transparencia deste Concello por prazo de 7 días a fin de dar audiencia xeral.

Abegondo, 08 de outubro de 2021
O alcalde
José Antonio Santiso Miramontes

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.